

## **DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO RECOLLIDOS NOS ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

Segundo o Capítulo III do Título 3º dos Estatutos da Universidade de Vigo (aprobados polo Claustro o día 1 de outubro de 2003, e publicados no DOG nº. 237 o día 5 de decembro de 2003):

Terán dereito á ensinanza universitaria na Universidade de Vigo aqueles que cumpran os requisitos legais que prevexan as disposicións vixentes e superen os procedementos de selección que legalmente poidan establecerse. O Consello de Goberno, por proposta dos centros, decidirá o número máximo de prazas de novo acceso en cada titulación.

O Consello Social, trala audiencia dos representantes dos estudantes no Claustro, por proposta do Consello de Goberno e tralo informe do Consello de Coordinación Universitaria, establecerá as normas que regulen a permanencia dos estudantes na universidade tendo en conta as características dos respectivos estudos.

Os estudantes da Universidade de Vigo terán os seguintes **dereitos**:

- a) Recibiren unha formación integral e unha ensinanza de clidade efectiva, tanto teórica como práctica, nos termos establecidos nos plans de estudos.
- b) Recibiren orientación educativa e profesional a través do persoal dos servizos da Universidade de Vigo.
- c) Seren avaliados obxectivamente no seu rendemento académico segundo criterios de avaliación previamente establecidos e coñecidos.
- d) Beneficiárense das distintas axudas e bolsas que a universidade ou outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.
- e) Recibiren unha especial consideración por se atoparen en situacións excepcionais, como as de embarazo, discapacidade, enfermidade ou lesión, entre outras.
- f) Disporen de instalacións e medios materiais e económicos para desenvolveren normalmente os seus estudos e demais actividades propias da súa formación, así como para o exercicio de tódolos dereitos recoñecidos nestes Estatutos.
- g) Recibiren a garantía de máxima protección do dereito á educación aqueles estudantes con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.
- h) Sren protexidos pola Seguridade Social nos termos e condicións que se establezan nas disposicións legais vixentes.

Ademais das garantías recollidas no Regulamento de exames, o calendario, horario e lugar de exames oficiais, tanto teóricos como prácticos, deberán ser feitos públicos antes de comezar o período de matriculación e deben, na medida do posible, manter coherencia entre cursos sucesivos.

O alumnado terá dereito á revisión do seu exame, tanto teórico como práctico, coñecendo os criterios de avaliación concretos e específicos antes de que as cualificacións sexan definitivas.

As cualificacións provisionais obtidas polos estudantes deberán ser expostas antes de que transcorra un período máximo de 30 días despois da realización do exame, e, en calquera caso, 7 días antes de que realice outro exame da materia.

Ademais da súa función avaliadora da formación acadada polo alumno, as probas de avaliación tenderán a cumprir unha función docente e de crítica e mellora da súa capacidade de expresión, polo que deberá garantirse a maior obxectividade posible na realización das devanditas probas; en todo caso, de tratarse de probas escritas, o alumnado terá pleno acceso ó estudo do seu exercicio.

No caso de que o estudante estivese desconforme coa puntuación conferida pode solicitar a revisión das probas a través do centro, segundo o procedemento que estableza o Regulamento de exames, que en todo caso garantirá a axilidade na tramitación e as posibilidades de impugnar os acordos ou resolucións que se diten.

A universidade investigará de oficio, segundo as normas e procedementos que estableza o Regulamento de exames, a reiteración de resultados manifestamente negativos na cualificación dunha materia.

Son **deberes** dos estudantes da Universidade de Vigo, ademais dos previstos nas normas xerais e noutras disposicións deste Estatuto, os seguintes:

- a) A realización do traballo de estudo e iniciación a investigación propios da súa condición de universitarios.
- b) A participación en todo o que afecte á vida universitaria.
- c) A cooperación co resto da comunidade universitaria na mellora dos servizos desta, así como na consecución dos fins propios da institución

#### PRESTACIÓNS ASISTENCIAS E AXUDAS Ó ESTUDIO

1.- A Universidade de Vigo fará programas complementarios de axudas ós estudantes para cubrir necesidades non atendidas ou insuficientemente atendidas polas administracións públicas. A Comisión de Bolsas da universidade será a encargada da distribución das axudas para transporte, residencia, comedor, libros, investigación ou calquera outro tipo de axudas, para os seus estudantes máis desfavorecidos. O criterio de distribución das axudas da universidade será preferentemente económico e fixado polo Consello de Goberno.

2.- A Universidade de Vigo poderá ofrecer ós seus estudantes bolsas de colaboración nos servizos de asistencia á comunidade universitaria.

Co obxecto de procurar unha formación integral dos estudantes, a Universidade de Vigo potenciará as relacións con outras universidades e institucións e axudará ás asociacións deportivas, culturais artísticas ou recreativas recoñecidas que desenvolvan a súa actividade no seo da universidade.

#### ORGANIZACIÓNS E ACTIVIDADES DOS ESTUDIANTES

1.- Os estudantes poderán crear asociacións e organizacións específicas. A Universidade deberá facilitar medios e espazos para o desenvolvemento dos seus fins

2.- No seo dos centros da Universidade de Vigo, os estudantes poderán crear **delegacións de alumnado**. De haber representantes dos estudantes do centro nos órganos de goberno da universidade, formarán parte das delegacións. A universidade deberá facilitar medios e espazos habilitados para o desenvolvemento dos seus fins.

3.- Tódolos órganos da Universidade de Vigo potenciarán a creación de organizacións, asociacións e delegacións estudiantís e velarán para que poidan desenvolver as súas actividades.

4.- O Regulamento de estudantes contemplará a definición, composición e funcións das delegacións de alumnado que no seo da universidade poidan ser creadas.